

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Dirección do proxecto	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Co-dirección do proxecto	
Nome: M ^a Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Bienio	2020-2022
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

“Quero unha muller ben bonita, calada e que non me diga nada” A imaxe da muller en tempos de reggaeton

Resumo

Somos conscientes do que cantamos e bailamos?, que imaxe de muller promoven estilos musicais como o reggaeton ou o trap latino?, cal é o impacto que teñen na sociedade e nas relacións entre mulleres e homes?, sería positivo que se prohiba ou é só un xénero musical? Estamos inmersos nun movemento global contra o acoso e a violencia sexual, con todo, adolescentes de todo o mundo tararean cancións nas que tanto as letras como as imaxes cousifican á muller e fan apoloxía da violencia.

O proxecto de investigación *A imaxe da muller en tempos de reggaeton* pretende ofrecer un espazo de reflexión e pensamento crítico ao redor dos estereotipos da muller na música actual, o contido violento cara á muller en determinados xéneros musicais e a súa influencia nos patróns de conduta na mocidade.

Obxectivos

- Coñecer as características do discurso de cancións de reggaeton/ trap e videoclips do mesmo estilo musical.
- Relacionar o discurso de estilos musicais actuais coa imaxe e os estereotipos ao redor da muller.
- Analizar o pensamento crítico dos adolescentes ante as mensaxes ocultas que se transmiten a través da música.

Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

- Realizar un taller teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre a metodoloxía de fotovoz (técnica que combina fotografía e texto).
- Acordar e deseñar o plan de traballo a desenvolver cos/as investigadores/as que seleccionan este proxecto.
- Recollida de información mediante a técnica fotovoz.
- Organizar e montar unha exposición no IES que permita esta responder á finalidade de ser un procedemento de escoita da comunidade a través da exposición das fotos recollidas e o mural resultante.
- Elaborar as conclusións e perfilar as propostas de mellora.
- Elaborar o informe que recolla a investigación desenvolvida.